



CONCELLO DE SANTIAGO

Dependencia CMG - Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMGZI0E1		16-02-15 12:57

Sello o Certificación Mecánica

Número 3 .- Proposta do concelleiro delegado da área de Seguridade e Mobilidade relativa á anulación da licitación anterior e apertura dun novo procedemento de licitación do servizo de "Conservación e Mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico do termo municipal de Santiago de Compostela e do túnel do Hórreo".

Destinatario

15078DCMGZI0E12



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria - urxente que tivo lugar o día 13 de febreiro de 2015 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 3 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE SEGURIDADE E MOBILIDADE RELATIVA Á ANULACIÓN DA LICITACIÓN ANTERIOR E APERTURA DUN NOVO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN DO SERVIZO DE "CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DO SISTEMA DE CONTROL DE TRÁFICO DO TERMO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E DO TÚNEL DO HÓRREO".

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe-proposta, de data 10 de febreiro de 2015, da xefa do servizo de Mobilidade e Seguridade, conformado coa mesma data polo Concelleiro Delegado da Área de Seguridade e Mobilidade. Así mesmo, do informe nº 52/2015 de 13.2.15, da técnico de Intervención, conformado pola Viceinterventora.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

"ASUNTO.- APERTURA DUN NOVO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DO SISTEMA DE CONTROL DE TRAFICO E DO TUNEL DO HORREO DO TERMO MUNICIPAL DE SANTIAGO.

A Xunta de Goberno Local de 19 de xaneiro de 2015, acordou: Aprobar o expediente denominado Servizo de conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e do túnel do Hórreo no termo municipal de Santiago de Compostela, así como aprobar o gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZI0E1	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 16-02-15 12:57

mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, establecéndose un tipo de licitación de 475.633,42 euros/ano, IVE aparte.

Procedeuse á publicación dos Pregos de prestación do servizo publicándose no DOUE o 23 de xaneiro de 2015 e no BOP o 3 de febreiro do mesmo ano.

Revisada documentación publicada detectouse a existencia duns erros materias de tipo aritmético, segundo se fan constar no informe do Técnico deste Departamento e do Adxunto ó Xefe de Servizo de Innovación de 5 de febreiro de 2015, que fan necesario a súa subsanación pois afectan, por unha banda ó prezo de licitación, que se obtén do Estudio Económico Anual, no que foron detectados erros de cálculo; e por outra, ós criterios de adxudicación avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes. Neste caso, os erros se atopaban nas formulas para o cálculo das melloras.

A vista do exposto, se estima procede, de conformidade co disposto no artigo 105 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, subsanar os erros materias e aritméticos padecidos e deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xaneiro de 2015, polo que se acordo a apertura do procedemento de adxudicación do contrato de Servizo de Conservación e Mantemento das Instalacións do Sistema de Control de Tráfico e do Túnel do Hórreo no termo municipal de Santiago de Compostela e a probación dos Pregos Administrativos e Técnicos, acordándose a apertura dun novo procedemento de adxudicación, en base ós novos Pregos Técnico e Administrativo do contrato de servizo mediante o procedemento aberto e tramitación ordinaria, establecéndose un tipo de licitación de 524.630,07 €/ano.

O IVE correspondente (21% do orzamento da base anterior) ascende a 110.172,31 €/ano.

Existe crédito orzamentario preciso para atender as obrigas derivadas da contratación con cargo á aplicación orzamentaria 060 13300 22701, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2015.- 423.201,58 €
Anualidade 2016.- 634.802,38 €
Anualidade 2017.- 211.600,80 €."

Enteirados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZIOE1	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 16-02-15 12:57

Subsanar os erros materias e aritméticos padecidos e deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xaneiro de 2015, polo que se acorda a apertura do procedemento de adxudicación do contrato de Servizo de Conservación e Mantemento das Instalacións do Sistema de Control de Tráfico e do Túnel do Hórreo no termo municipal de Santiago de Compostela e a probación dos Pregos Administrativos e Técnicos, acordándose a apertura dun novo procedemento de adxudicación, en base aos novos Pregos Técnico e Administrativo do contrato de servizo mediante o procedemento aberto e tramitación ordinaria, establecéndose un tipo de licitación de 524.630,07 €/ano.

O IVE correspondente (21% do orzamento da base anterior) ascende a 110.172,31 €/ano.

Existe crédito orzamentario preciso para atender as obrigas derivadas da contratación con cargo á aplicación orzamentaria 060 13300 22701, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercizos orzamentarios:

Anualidade 2015.- 423.201,58 €.

Anualidade 2016.- 634.802,38 €

Anualidade 2017.- 211.600,80 €.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO


Asdo: Manuel Martínez Varela